

INICIACION Á FOTOGRAFIA ARTISTICA

Este curso está dirixido a todas aquelas persoas que con nocións moi básicas sobre fotografía, ou mesmo sen elas, desexan non só sacar partido á súa cámara réflex senón tamén desenrolar un medio de expresión íntimo e universal ao mesmo tempo.

Asimesmo, poderán aproveitalo tamén aquelas integrantes que, aínda coñecendo o funcionamento, desexen adquirir destreza no manexo dos seus equipos e facerse coñecedoras dos distintos recursos formais que a fotografía nos brinda.

TEMARIO A DESENROLAR

1. FOTOGRAFÍA: ESCRIBIR CON LUZ

- Orixen e historia da foto. Algunhas das mellores de todos os tempos
- Qué é e cómo funciona unha cámara réflex
- Sensor/Película
- Primeiro seteados das nosas cámaras

2. FUNCIONAMENTO DA NOSA CÁMARA

- Velocidade, diafragma e ISO. Lei de reciprocidade
- Control da Exposición. Manexo do histograma
- Distintos modos de funcionamento (Av, Tv, P, M...)
- As distancias focais e os seus efectos en función das lentes.

3. DIAFRAGMA

- Profundidade de Campo (DoF). Variación da DoF segundo cada lente
- Enfoque selectivo
- Hiperfocal

4. VELOCIDADE DE OBTURACIÓN

- Tipos de movemento en función do fotógrafo, a cámara ou o suxeito
- Velocidades altas, baixas e os seus efectos. Ultrarápidas e longas exposicións
- Movementos de cámara: trepidación voluntaria, barrido e zooming
- Uso do enfoque en movemento (AL FOCUS e AL SERVO)

5. ISO

- Ruido. Cando se forma e cómo evitalo
- Uso do ruido como recurso estilístico

6. ENCADRE

- Reglas básicas de composición
- Puntos de vista e ángulos de toma
- Recursos formales (figura-fondo, liñas direccionais, repeticións...)
- Serie de Fibonacci e importancia do 3

7. LUZ

- Luces e sombras
- Tipos de luz e formas de aproveitala
- Distintos tipos de medición
- Situacións especiais (contraluz, foto nocturna, medición puntual...)
- Temperatura de cor. Emocións asignadas

8. FLASH

- Tipos de flash
- Modos
- Posibilidades que ofrece
- Velocidade de sincronización

Todos estes apartados corresponden á parte teórica do curso e serán impartidos na aula, sempre co apoio de medios audiovisuais como ilustracións, fotografías e vídeos previamente seleccionados.

Asimesmo, plantexaranse exercicios semanais que versen sobre o explicado na última clase e que permitan afianzar os coñecementos, conseguindo así un maior e máis homoxéneo avance no grupo.